

# RETRATA O TEU ENTROIDO



## **BASES 2023**

INICIATIVA PARA O SECTOR DA HOSTALERÍA.

A Asociación de Empresarios de Santa Comba con C.I.F.: G15551104 sita na Rúa Pontevedra, 9, entrechán, de Santa Comba, cos seguintes contactos 981818604 e 633181817 (09:30 a 15:00 h.), organiza a Campaña de Entroido 2023 coa finalidade de promover o sector da hostalería local durante o entroido.

A Campaña denominada "**Retrata o teu entroido**" comezará o venres día 17 de febreiro rematando o mércores 22 de febreiro de 2023.

O ámbito de participación será para as empresas pertencentes á Asociación de Empresarios de Santa Comba.

1. Poderán participar tódolos clientes dos locais hostaleiros.
2. Tódalas persoas que desexen participar deberán enviar unha foto coa consumición, almorzo, xantar ou cea mercada nos locais participantes, dende o local, a súa casa ou dende o seu posto de traballo. *(Na foto aparecerá a comida ou bebida a degustar).*
3. Os participantes deberán estar disfrazados ou con algún atrezzo de entroido.
4. As fotos enviaranse por Whatsapp ao 633181817 de luns a venres de 09:30 a 15:00 h. No caso de enviarnos a foto dende a túa casa deberás adxuntar o ticket de compra.  
*\*Máximo dúas fotografías por participante.*
5. As fotografías serán enviadas entre o venres 17 de febreiro e o mércores 22 de febreiro ata as 12:00h.
6. As fotografías subiranse ás redes sociais da Asociación de Empresarios, facebook e instagram.
7. A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios escollerá as 5 mellores fotografías, que posteriormente nun sorteo aleatorio definiranse os tres gañadores.
8. Premios:  
1º- Cesta de produtos de entroido.  
2º- Lote de produtos de entroido.  
3º- Estoxo de aceites de oliva virxe extra.
9. A entidade contactará cos tres concursantes gañadores que deberán recoller o premio na sede da Asociación de Empresarios antes do 15 de marzo de 2023.
10. A participación no concurso supón a aceptación das bases.

Santa Comba, 1 de febreiro de 2023.

O Presidente  
*Diego Vilas Boga*